



## **BASCUAS PÍDELLE A NORIEGA QUE SE CENTRE NO SEU PROXECTO POLÍTICO E DEIXE "DE METER A COMPROMISO NOS SEUS PROBLEMAS"**

Santiago de Compostela, 11 de xullo. O secretario xeral de Compromiso por Galicia e candidato á presidencia da Xunta, Xoán Bascuas, negou rotundamente que haxa afiliados de Compromiso por Galicia colaborando con En Marea.

Deste xeito, Bascuas saíu ao paso das declaracións de Martiño Noriega na Radio Galega: "As afirmacións do Sr. Noriega non se corresponden coa realidade. Ademais son tan gratuitas como innecesarias, a non ser que a súa vontade sexa a de perxudicar a Compromiso".

O político galeguista deixou claro que "Compromiso vai andar polo seu camiño e ese camiño non é o do Sr. Noriega", e emprazou a Martiño Noriega a que se preocupe "porque a súa proposta política estea no mellor estado operativo, que de seguro que tamén será unha boa nova para o país" facendo extensiva esa preocupación ao goberno municipal que dirixe "que seguro que tamén será unha boa nova para Santiago de Compostela".

Compromiso por Galicia é a única organización que xa ten elixidos aos catro cabezas de lista polas distintas provincias galegas: "Cada día temos máis claro que Compromiso ten un importante traballo que facer no Parlamento de Galicia" engadiu o candidato á presidencia da Xunta, que lembrou que na convención nacional do partido, o 71% da afiliación respaldou o proxecto autónomo que agora concorrerá ás eleccións autonómicas.